



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Lingua portuguesa. Nivel avanzado 1

**CONVOCATORIA:** IDIOMAS convocatoria

**GRUPO:** Portal de Idiomas

**ÁREA:** Portal de idiomas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	75
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2024
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 15/02/2024 - 09:00h ao 26/02/2024 - 14:00h

**RESPONSABLE:** PEREZ MONTERO, TERESA [teresa.perez.montero@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

- Conseguir expresarse con facilidade e eficacia sobre os temas tratados no curso, tanto xeral como específico, sendo capaz tamén de desenvolverse en temas que non sexan parte do plan curricular.
- Expresar opinións sobre temas de interese propio e relacionados coa cultura xeral, sendo capaz de emitir tamén opinións, suxestións e facer razoamentos sobre temáticas que non se correspondan aos seus temas de interese.
- Ser capaz de comprender textos e audios complexos que traten de temas relacionados co cotiá e, tamén, con áreas máis abstractas, que impliquen comprender a precisión do contexto e captar o sentido implícito do que escoitan ou len.
- Expresarse de forma espontánea situacións reais e conversas da vida cotiá, así como en situacións máis formais, comprendendo e usando modismos, frases feitas e expresións coloquiais, aínda que poidan necesitar confirmar detalles.
- Ser capaz de redactar textos cun discurso claro e preciso, redactar informes claros, detallados e ben estruturados sobre temas complexos con certa extensión, destacando as ideas principais e defendendo puntos de vista.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

### PROGRAMA

Gramática:

- Os tempos do indicativo e subxuntivo: revisión de estruturas e contrastes entre tempos.
- A acentuación en portugués: estruturas complexas e irregularidades.
- Pronomes persoais complementos directo e indirecto: revisión e estruturas complexas.
- Os conectores: usos co indicativo e subxuntivo.
- Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa de 1990.
- As palabras homófonas, homógrafas, homónimas e parónimas.

Léxico:

- Relacións sociais do século XXI: familia, amigos e sociedade.
- Os medios de comunicación: Internet, publicidade e os novos consumos de información.
- Turismo e problemáticas sociais: Turista vs viaxeiro.
- Natureza e medio ambiente.
- Hábitos de consumo: consumo responsable e sobre-consumo.
- Hábitos e coidados da saúde: unha moda ou unha necesidade.
- Falsos amigos, modismos e expresións coloquiais.

- Frases idiomáticas en contexto.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

## 3. DATOS EDICIÓNS

### T01

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 12/09/2024 a 28/11/2024

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

**DATA EXAME:** 03/12/2024 ás 17:30h

### DOCENTES NOMEADOS

Eva Miriam Amaral Ribeiro de Sampaio e de Andrade

### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

En liña